



### Máis información

Se desexas saber máis sobre a psicoloxía da intervención social, consulta co teu colexio oficial de psicoloxía ou con entidades especializadas en servizos sociais.

# Psicoloxía da Intervención Social



[www.facebook.com/copgalicia](https://www.facebook.com/copgalicia)  
[@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia) [@copgalicia](https://www.instagram.com/copgalicia)

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo | 15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 | [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) | [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

D. L.: C2074-2025



# Sabes que é a **Psicología da Intervención Social**?

É a rama da psicología que busca mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas mediante unha intervención proactiva, preventiva e orientada á súa mellora integral. As intervencións diríxense a enfoques que promoven o desenvolvemento en persoas, grupos e comunidades, das habilidades e competencias necesarias para analizar mellor a súa realidade social e atopar as solucións máis axeitadas.

Os obxectivos da intervención social céntranse en reducir ou previr situacións de risco social e persoal, xa sexa mediante a intervención na solución de problemas concretos que afectan a individuos, grupos ou comunidades, achegando recursos materiais ou profesionais, ou a través da promoción dun maior benestar.

## **Funcións principais**

- **Atención directa:** intervención con persoas, grupos ou comunidades para xerar habilidades, competencias e recursos que permita ás persoas destinatarias afrontar os desafíos con máis éxito.
- **Asesoramento e consultoría:** apoio a profesionais e institucións no desenvolvemento de programas sociais.
- **Dinamización comunitaria:** favorecer grupos de apoio comunitarios, impulsar proxectos acordes as necesidades detectadas ou promover movementos asociativos, entre outros.
- **Formación:** deseño e execución de actividades formativas en diversos colectivos.
- **Investigación e avaliación:** estudo e análise de plans e programas de intervención.
- **Planificación e programación:** elaboración de estratexias de acción social.
- **Dirección e xestión:** coordinación de servizos e entidades sociais.

## **Ámbitos de intervención**

As persoas profesionais da psicología da intervención social poden traballar en diversos sectores:

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Familia
- Muller
- Intervención comunitaria
- Persoas maiores
- Discapacidade
- Psicología ambiental
- Minorías sociais e inmigración
- Cooperación para o desenvolvemento
- Tempo libre e lecer
- Outras áreas emerxentes

## **Que necesito para exercer?**

A psicología da intervención social enmárcase no ámbito dos servizos sociais, polo que a titulación esixible é o Grao ou a Licenciatura en Psicología, xunto coa colexiación obrigatoria no correspondente colexio profesional.

Así mesmo, poden ser esixibles ou recomendables outras formacións complementarias, en función da área de intervención (psicología do envellecemento, xénero, mediación intercultural etc.).

A titulación sanitaria só é obrigatoria no caso de exercer funcións sanitarias.

